

## VIII TORNEO DE XADREZ “SAN enROQUE”

### BASES

- Data de celebración: 20 de agosto de 2023.
- Lugar: Pavillon Municipal de Sada.
- Modalidade: Suízo de 7 roldas con partidas de 10 minutos máis un incremento de 2 segundos por xogada. Os sistemas de desempate a sortear tras a derradeira rolda serán Progresivo, Bucholz total e Bucholz medio; se se mantivera o empate primará o resultado particular e, en caso de táboas, o xogador que levaba negras. A organización se reserva facer modificacións no número de roldas segundo a participación.
- Inscricións 7€ para a categoría absoluta e 5€ para as categoría sub-14 (nados ata no ano 2009) e sub-10 (nados ata no ano 2013), que haberá que abonar antes da 1ª rolda. Poderán solicitarse no correo electrónico [cxs\\_sada@yahoo.es](mailto:cxs_sada@yahoo.es) ou no teléfono/whatsapp 666 369 517 (ademais de recibir calquera información referente), indicando en qué categoría participa o xogador (así como se é veciño de Sada, para o premio local), ata as 22:00 do 18 de agosto do 2023. A participación está limitada ás 50 primeiras solicitudes.
- Os premios repartiranse por orde de clasificación e non son acumulables. No caso de optar a dous premios o xogador acadará o de maior contía:
  - 1º clasificado: 40% da recadación e trofeo.
  - 2º clasificado: 25% da recadación e trofeo.
  - 3º clasificado: 15% da recadación e trofeo.
  
  - 1º clasificado sub-14: trofeo.
  
  - 1º clasificado sub-10: trofeo.
  
  - 1º clasificado de Sada: trofeo.
- Programa: 16:00 comprobación de inscritos; 16:30 inicio da 1ª rolda; 20:30 hora estimada da entrega de premios e clausura.
- Os participantes autorizan a publicación dos seus datos persoais necesarios para a difusión do torneo (listas de inscritos, clasificacións, fotos do torneo, etc.) nos diferentes medios de comunicación que se fagan eco do evento, incluídas redes sociais.